
MIENTRAS TÚ DUERMES

de MARIANA RUIZ JOHNSON

Encadernado en cartón. 25 x 25 cm. 36 páx. 15 €.

ISBN 978-84-1343-001-0. Demademora.

SILENT BOOK CONTEST 2015

Os libros silentes, os libros sen palabras, perdurarán, porque neles se usa unha linguaxe universal e permiten unha extraordinaria apertura ao «coñecemento».

Por esa razón, os adultos e os nenos de calquera idioma ou cultura atopan neles un «lugar común»

no que se poden reconecer pese á súa diversidade.

[Patrizia Zerbi, Carthusia Edizioni]


A hora do conto, ese momento máxico, esencial, entre nais e pais coas súas fillas e fillos pouco antes de durmir, é o punto de partida deste libro visual co que Mariana Ruiz Johnson gañou o Silent Book Contest 2015, dous anos despois do Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado. As palabras están ausentes nesta obra onde as imaxes asumen toda a carga narrativa e emotiva, transportando os lectores dende o cuarto ata o exterior da casa, do barrio e máis aló da cidade. Porque o poder dun libro, dunha historia, trascende o mundo dos sonhos e da fantasía.

Así, podemos viaxar a través de cada páxina, sendo partícipes de como transcorre a vida noutros fogares e como avanza a noite nas rúas, descubriendo os numerosos detalles que ofrece a autora, tan característicos do seu estilo: animais humanizados, a música e as celebracións, o ceo estrelado, a vexetación exuberante... Destacan a ledicia do colorido, as tramas e as texturas que reforzan a calidez de cada escena, fermosa e sorprendente.

«Mientras tú duermes» gañou a segunda edición do certame, organizado por Carthusia Edizioni en colaboración co municipio de Mulazzo e a Asociación Montereaggio Paese dei Librai, e coa adhesión de IBBY Italia, da Feira do Libro de Boloña, do Salón do Libro de Turín, e do Centro do Libro e da Lectura. Trátase dun proxecto cultural e editorial audaz para equiparar a palabra escrita coa ilustración, “unha linguaxe completa, inmediata e atractiva, con capacidade para narrar”, afirman dende Carthusia, onde tamén valoran os libros silentes como unha “oportunidade de crecemento” en termos de diversidade, tolerancia e respecto.

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** a hora do conto, os sonhos, a noite.
- **Idade recomendada:** pre-lectores e primeiros lectores.
- **Aspectos destacables:** libro silente, sen palabras; Premio Silent Book Contest 2015; lectura, familia, comunidade; imaxinación e fantasía; outras obras da autora en KALANDRAKA: «[Mamá](#)» (VI Internacional Premio Compostela), «[A viaxe de mamá](#)», «[Polo camiño](#)».
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/mien-tras-tu-duermes-c>

Mariana Ruiz Johnson

(Bos Aires, 1984)

Estudou Artes Visuais no Instituto Universitario Nacional de Arte, en Bos Aires. Formouse na escola Sótano Blanco co ilustrador colombiano José Sanabria e asistiu a obradoiros de ilustración en Europa. Ademais do VI Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado 2013 por «[Mamá](#)» (KALANDRAKA), en 2009 foi finalista do Premio A la Orilla del Viento de Fondo de Cultura Económica e no 2015 gañou o Silent Book Contest. Publicou numerosos libros con editoriais latinoamericanas, europeas e asiáticas.
<https://marianaruizjohnson.wordpress.com>

